

Xesús Manuel Valcárcel
unha alfaia literaria

Hoxe quero falar dun gran escritor galego que pola súa discreción e afastamento das capelas e círculos literarios, nunha sociedade idiotizada polo espectáculo, pola publicidade e polo papel couché pode pasar desapercibido, se non se racha o silencio que se adoita amosar diante da súa obra.

Estou a me referir a Xesús Manuel Valcárcel, un poeta e narrador, relativamente novo (naceu en Lugo no ano 1955), que vén producindo unha obra interesantísima dende hai máis de dez anos, cunha regularidade e rigor só comparábeis coa discreción xa mentada. Os seus inicios no labor publicista centráronse, fundamental, anque non exclusivamente, no eido da poesía, cunha serie de poemarios nos que a un potente lirismo, non exento dun certo tono épico-narrativo por veces, todo destilado do manexo impecábel e orixinalísimo que fai da lingua, se une unha visión, diríamos, adánica polo asombro con que nos fai ver a paisaxe e a natureza cunha mirada fondamente arraizada na lectura de mitos clásicos pero tamén pendente de captar os que a actualidade, a vida moderna, vai producindo e entre os que medra un eu lírico moi imaxinativo que se amosa entre desacougado e visionario, portador dunha memoria antiga sobre da que tece así mesmo un encadrelado propio de mitos que coido eu van marcar para sempre esta voz da literatura galega cun carimbo inconfundíbel.

Pero, se a súa obra poética é importante, resulta que, xa dende antes pero sobre todo dun ano a esta parte, Xesús Manuel Valcárcel, sen renunciar a aquela mirada lírica (cosa sempre difícil e mesmo perigosa no rexistro narrativo, se non se sabe dosificar), está desvelándosenos tamén coma un narrador a ter moi en conta dentro do importante elenco que neste xénero posúe xa de seu a nosa literatura.

Nestes días chegoume no correo o seu último libro de (catorce) relatos, o titulado *O capitán lobo negro*, editado por Galaxia e que puíden ler con enorme pracer en poucas horas. No verán que acabamos de pasar sulagueime tamén, con inusitado interese, na súa orixinalísima novela titulada *Matar o tempo*, publicada por Edicións Xerais de Galicia, un texto que recomendei xa aos meus lectores e que non dubido en volver a facelo agora, pois, se poñen atención na historia que conta han ver en qué extraño ambiente se ven inmersos, un tanto disparatado dende logo, pero sen dúbida hiperbolicamente alegórico de moitas facetas non menos abraiante, disparatadas e realmente existentes no mundo actual. Que niso consiste a mellor literatura: en expresar con voz e expresión propias e escorzadas o que (nos) acontece en cada época e en cada xeografía.

Eu sempre me congratulei, pero agora moito máis, de ter formado parte do xurado que no ano 1984 lle concedeu a Xesús Manuel Valcárcel o "Premio Galicia" de narrativa do Concello de Santiago polo seu libro *Contos nocturnos*, publicado tamén por Galaxia na súa colección Ronsel, pois xa alí prometía o que agora é toda unha realidade.

En fin, non teño moito espazo máis, pero quería deixar constancia de que, por se non estivese craro polos seus traballos poéticos e narrativos anteriores, con este novo libro de relatos Xesús Manuel Valcárcel, dende o meu modesto punto de vista, xa non de crítico (que iso está moi mal visto polo que parece) senón de simple lector que goza das cousas ben feitas e sobre todo entretidas, debe figurar nun lugar de honra dentro do ámbito da literatura galega e, xa que logo, da europea. Luz propia abóndalle, só cómpre limparlle o pó, como a alfaia perdida no camiño.

O Correo Galego, 1995